| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.   | Identifica e recoñece os puntos básicos da corrente Modernista.  |           |          |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.  | Manifesta respecto no visionado dun video no que se realiza un completo percorrido polas diferentes obras creadas por diferentes artistas.     |           |          |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.  | Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas.                            |           |          |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.  | Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais.  |           |          |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.  | Debuxa, completa e coloreia co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras do artista.  |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul> |

## Contidos

- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Dede o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos:

1. Educación integral orientada a formar persoas:

- Indagadoras e analíticas.
- Informadas e cultas.
- Reflexivas e críticas.
- Boas comunicadoras.
- Colaboradoras e participativas.
- Comprometidas e éticas.
- Creativas.

- Respectuosas e con mentalidade aberta.
- 2. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:
  - Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
  - Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.
- 3. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:
  - Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
  - Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
  - Aplicación do aprendido nas tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
  - Consolidación, valoración do aprendido e personalización.
- 4. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.
- 5. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.
- 6. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.
- 7. Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada área ten sentido propio, propónse un gran número de dinámicas interdisciplinares que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.
- 8. Integración de novos saberes:
- 9. Alfabetización informacional.
- 10. Competencias STEAM.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Pantalla dixital.   |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc. |
| Altofalantes  |
| Pinceis e témperas  |
| Ceras, rotuladores, lapis de cores, témperas, pegamento e tesoiras.   |
| Imaxes de obras de Gaudí.   |
| Bloc de debuxo e cartolinas.  |
| Estoxo.   |
| Pasta de modelaxe   |
| Regra, escuadro e cartabón.   |

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo o edificio e do que se fai inventario de xeito regular.

A sección desta materia na páxina web do centro servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe dos contidos da área significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante os contidos da área, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.

- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos,, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- A participación en equipo para resolver situacións.
- A identificación das emocións básicas en situacións.
- O uso de materiais que lle permitan resolver situacións problemáticas sinxelas.
- A realización de conxecturas a partir de casos concretos da vida diaria.
- A explicación das afirmacións e procesos seguidos en situacións contextualizadas
- A expresión oral comprensible da percepción dun proceso simple.
- A interacción co equipo para desenvolver e resolver situacións.
- Identificación de conceptos da área en situacións variadas e cos significados que corresponda a cada situación.
- A exemplificación de aspectos elementais da área en situacións cotiás.
- O uso de representacións con materiais concretos, debuxos, ... para expresar unha ideas
- O uso guiado dalgunha ferramenta tecnolóxica en situación contextualizadas



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>18</b> | <b>18</b> | <b>24</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100       | 100       | 100       | 100       | <b>100</b> |

### Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación establécense en cada área para cada ciclo da etapa e permiten determinar o progreso no grao de adquisición das competencias específicas ao longo da etapa; é dicir, concrétanse a partir de ditas competencias específicas, e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición daquelas.

Estes criterios fórmulanse dun modo claramente competencial, atendendo tanto aos produtos finais esperados como aos procesos e actitudes que acompañan a súa elaboración.

Para levar a cabo a avaliación destes criterios é necesario poñer en marcha unha variedade de ferramentas e instrumentos de avaliación dotados de capacidade diagnóstica e de mellora.

50 % Obterase como resultado das medias das probas.

40% Obterase como resultado da revisión periódica dos traballos na aula (caderno, libreta, fichas...)

10% de actitude ante a materia: participa, atende, cumpre as normas.....

Sumando tódolos apartados, obterase a nota media.

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as función executivas.

Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.

Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora  | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita   | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual   | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital  | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento      | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres                                     | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos |      | X    |      |      |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Educación para a saúde   | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Samaín  | Coincidindo ca celebración desta festa, decoraremos o centro con cabazas.   | X        |          |          |
| Xaneco/Olería Bonxe                                       | Visita ao luthier Xaneco e a oleira Pepa.   | X        |          |          |
| Mes da ciencia  | Novembro é o mes da ciencia e faremos actividades que fomento a importancia da ciencia.   | X        |          |          |
| 25 Novembro   | Esta data de reflexión para tod@s, faremos diferentes actividades de concienciación na aula e decoraremos o centro recordando este día.                             | X        |          |          |
| Día da discapacidade 3 de decembro                        | Esta data de reflexión para tod@s, faremos diferentes actividades de concienciación na aula e decoraremos o centro.   | X        |          |          |
| Nadal   | Decoración do centro e talleres na biblioteca.  | X        |          |          |
| Día da paz  | Esta data de reflexión para tod@s, baremos diferentes actividades de concienciación na aula e decoraremos o centro.   |          | X        |          |
| Entroido  | Celebración do entroido.  |          | X        |          |
| Día de Rosalía.   | Celebración do día da nosa galega máis importante mediante actividades que conciencien sobre a súa labor a favor da nosa lingua.                                    |          | X        |          |
| Granxa  | Visita a Granxa escola.   |          | X        |          |
| Día intencional da muller 8 de marzo                      | Esta data de reflexión para tod@s, baremos diferentes actividades de concienciación na aula e decoraremos o centro .  |          | X        |          |
| Día de concienciación das altas capacidades 14 de marzo.. | Tratamos de dar visibilidade ás necesidades persoais, emocionais e intelectuais do alumnado con Altas Capacidades mediante diferentes actividades de concienciación |          | X        |          |
| Obra de teatro Abanca                                     | Asistimos ó auditorio a unha obra.  |          | X        |          |
| Día de concienciación do autismo 2 abril                  | Tratamos de dar visibilidade ás necesidades persoais, emocionais e intelectuais do alumnado TEA mediante diferentes actividades de concienciación.                  |          |          | X        |
| Día do libro 23 de abril.                                 | Celebración deste día mediante diferentes actividades planificadas ao longo do curso.   |          |          | X        |
| Letras galegas 17 de maio.                                | Coma todos os anos, celebramos este día con obras preparadas polos alumn@s de 5º e 6º para o resto do alumnado.   |          |          | X        |
| Castro de Viladonga.                                      | Nesta unidade sairemos da aula para buscar coñecementos na visita a este museo.   |          |          | X        |
| Visitas de escritores e escritoras.                       | Este curso teremos a visita de Xulia Pisón e Jorge Campos.  | X        | X        | X        |

### Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| <b>Indicadores de logro</b>  |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible.   |
| Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.  |
| A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada   |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos dos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos.   |
| Estructuro y organizo los contenidos dando una visión general de cada tema (mapas conceptuales, esquemas, qué tienen que aprender, qué es importante, etc.).   |
| Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades e competencias que os meus alumnos e alumnas deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.  |
| Metodoloxía empregada  |
| Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.   |
| Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos etc.)/ etc.) axustados á Proposta Pedagóxica/ Concreción Curricular, á programación didáctica e, sobre todo, axustado sempre, o máis posible, ás necesidades e intereses do alumnado. |
| Antes de iniciar unha actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e saber os seus c o ñ e c e m e n t o s p r e v i o s . -  |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.   |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.  |
| O produto final é interesante e motivador para o alumnado.   |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase). .  |
| Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender etc.)/ etc.), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica do alumnado, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos   |
| Organización adecuada do espacio.  |
| Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa para realizar, dos recursos para utilizar etc., controlando sempre o adecuado clima de traballo.  |

|  |
|--|
| Medidas de atención á diversidade  |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.   |
| Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, o seu ritmo de aprendizaxe, as posibilidades de atención etc., e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino- aprendizaxe (motivación, contidos, actividades,etc). |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación   |
| Os principios DUA e as pautas DUA están correctamente expostos   |
| Clima de traballo na aula  |
| Participación activa de todo o alumnado.   |
| Proporciono situacións que facilitan aos alumnos o desenvolvemento da afectividade como parte da súa Educación Integral.   |
| Convivencia adecuada do grupo na aula.   |
| Xestión adecuada da convivencia na aula  |
| Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.  |
| As relacións que establezo cos meus alumnos e alumnas dentro da aula e as que estes establecen entre si son correctas, fluídas e non discriminatorias. -   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais   |
| Os pais foron adecuadamente informados sobre o proceso de avaliación: criterios de cualificación e promoción etc. -  |
| A programación realizouse en coordinación co resto do profesorado.   |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.  |
| Coordínome con outros profesionais (profesorado de apoio, equipo de Orientación Educativa), para modificar e/o adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.                 |

### Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados